



CURSO 2015-2016 CONVOCATORIA XERAL ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO

0. NORMATIVA XERAL DE APLICACIÓN

A presente convocatoria realízase ao abeiro da Normativa do **Plan de Estudos 2015** (PEEMAO2015), aprobada pola Xunta Reitora do Organismo Autónomo na súa sesión de 16/04/2015, que debe consultarse en <http://hoxe.vigo.org/movemonos/emao16.php>. As normas alí contidas son de directa aplicación á presente convocatoria.

A. PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA

1. ALUMNADO DE NOVO INGRESO

1. Preinscrición

1. Todas as persoas que desexen iniciar os estudos en calquera das especialidades ofertadas deberán realizar a súa preinscrición, conforme ao modelo oficial de solicitude que será subministrado na Administración da EMAO (en diante a Administración) e que tamén se poderá descargar e/ou cubrir e imprimir dende a páxina web www.vigo.org, apartado Educación-Escola Municipal de Artes e Oficios (en diante, web-EMAO). As persoas interesadas tamén poderán preinscribirse on-line dende a páxina correspondente da web-EMAO.
2. O impreso de solicitude, debidamente cuberto e por duplicado (exemplar para a Administración e exemplar para o/a interesado/a) deberá entregarse na Administración ou na súa versión on-line, no horario e días que se establecen nestas normas.
3. O listado de solicitantes exporase, conforme ao disposto no apartado correspondente destas normas, no taboleiro oficial de anuncios da EMAO (en diante o Taboleiro) e na web-EMAO. Darase un prazo de un día, para presentar reclamacións ao listado.
4. Rematado ese prazo -no caso de que existan máis solicitudes ca prazas ofertadas- realizaranse probas de acceso para asignar as prazas conforme ás normas específicas do Plan de Estudos 2015 (PEEMAO2015), agás nas especialidades de Pintura e Debuxo artístico nas que se asignarán por sorteo entre os solicitantes cuxa solicitude sexa válida, conforme ao procedemento que se establece nas presentes normas.
5. Exporase de seguido, no Taboleiro e na web-EMAO, conforme ao calendario que figura nestas normas, a relación definitiva de admitidos, clasificados por especialidades e cursos.

2. Matrícula

1. Os solicitantes finalmente seleccionados, deberán formalizar a súa matrícula, mediante a presentación na Administración, no prazo indicado nestas Normas, do impreso oficial que se poderá recoller na Administración ou descargar dende a web-EMAO, presentando nese momento, asemade, copia do DNI ou Pasaporte.
2. A non formalización da matrícula en prazo, significará a inmediata baixa, e consecuentemente, a praza será ofrecida ao/á/s solicitante/s que corresponda na lista de reserva derivada da aplicación dos resultados do sorteo ou probas de acceso (se é o caso), cuxa regulación se recolle nestas Normas.

2. ALUMNADO PROCEDENTE DE CURSOS ANTERIORES

- a) O alumnado declarado APTO e que cursase as asignaturas complementarias, promocionará automaticamente ao nivel que se lle asigna (Anexo I desta convocatoria) no novo Plan de Estudos (PEEMAO2015)
- b) Os listados de alumnado procedente de cursos anteriores, coa súa asignación ao nivel que lle corresponde no curso 2015-2016, serán publicados no taboleiro de anuncios da Escola. A presenza neste listado significa que a súa matrícula foi dada de alta para o curso 2015-2016.

B. PRAZOS

16 de xuño a 10 de setembro: Preinscrición alumnado de novo ingreso (só internet on-line)

16 de xuño ao 31 de xullo e de 1 a 10 de setembro: Preinscrición alumnado de novo ingreso (presencial e on-line)

30 de xuño: Listado de alumnado apto no curso 2014-2015

14 de setembro:

- Publicación listados solicitantes novo ingreso
- Listados provisionais de alumnado procedente de cursos anteriores, coa súa asignación ao nivel que lle corresponde no curso 2015-2016. A presenza neste listado significa que a súa matrícula foi dada de alta para este curso.

16 de setembro: sorteo para inscrición de alumnado de novo ingreso (só especialidades de Pintura e Debuxo artístico)

16-18 setembro: Celebración das probas de acceso, no/s día/s concretos que publicamente se indique/n.

22 de setembro:

- Listas de admitidos de novo ingreso despois do sorteo e probas de acceso
- Listas definitivas de alumnado procedente de cursos anteriores, coa súa asignación ao nivel que lle corresponde no curso 2015-2016. A presenza neste listado significa que a súa matrícula foi dada de alta para este curso.

22-30 de setembro: Matrícula alumnado de novo ingreso.

28 de setembro:

- Comezo do curso alumnado procedente de cursos anteriores

1 de outubro:

- Comezo do curso alumnado de novo ingreso

A preinscrición poderase facer presencialmente ou por internet, mediante o formulario oficial que se subministrará aos interesados/as e no apartado da EMAO da páxina web municipal. A matriculación na EMAO implica a aceptación plena dos programas, horarios e Normativa que rexen a actividade da Escola (Información:<http://hoxe.vigo.org/movemonos/emao16.php?lang=gal>)

C. HORARIOS DE ADMINISTRACIÓN E INFORMACIÓN

Lugar: Edificio principal da EMAO, rúa García Barbón, 5

Horario: de 10 h. a 14 h., laborables de luns a venres (agosto, pechado)

Información:

- ✓ Web Escolas municipais: www.emmavigo.org
- ✓ Web-EMAO: <http://hoxe.vigo.org/movemonos/educacion7>
- ✓ [Correo electrónico: emao@vigo.org](mailto:emao@vigo.org)
- ✓ Tfno.: 986228088

D. SORTEO ALUMNADO DE NOVO INGRESO

ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS

(Só especialidades de Pintura e Debuxo artístico)

1. No suposto de que o número de solicitantes sexa superior ao número de prazas vacantes, farase un sorteo público que se rexerá conforme ao seguinte:
2. Terá carácter público e será presidido por unha mesa composta por:
 - x Director da EMAO ou persoa na que delegue
 - x Secretaria do Organismo Autónomo EMAO, ou persoa na que delegue
 - x Un funcionario adscrito á Unidade Administrativa da EMAO, nomeado polo Director.
3. O sorteo celebrarase mediante sistema aleatorio informático. Faráse un sorteo por cada unha das especialidades.
4. A Secretaria levantará acta do resultado do sorteo, que será exposta no Taboleiro e na [web-EMAO](#)
5. Os listados do sorteo serán, a todos os efectos, considerados, pola orde resultante, como listas de reserva para o caso de que, ao longo do primeiro trimestre do curso, se producisen baixas no alumnado matriculado.

E. REQUISITOS DAS SOLICITUDES E SOLICITANTES

1. Só se poderá presentar un impreso de solicitude por persoa.
2. Poderá solicitarse a preinscrición, como máximo, en dúas especialidades das ofertadas.
 - Esta posibilidade figurará no apartado correspondente do impreso único de preinscrición, sen que supoña orde de preferencia.
 - De resultar seleccionado/a en máis de unha especialidade, ben como resultado do sorteo, ben como consecuencia da existencia dun maior número de prazas que de solicitantes, só poderá matricularse nunha delas.
 - A matrícula nunha especialidade supón a eliminación automática nas listas de agarda das outras especialidades solicitadas.
3. O alumnado procedente do curso 2014-2015, matriculado no nivel que lle corresponda no curso 2015-2016, non pode facer solicitude de preinscrición noutra nova especialidade.
4. Serán nulas aquelas solicitudes de preinscrición que non cumpran o sinalado nos apartados 1, 2 e 3 precedentes ou que incumpran o apartado 3 da Normativa do novo Plan de Estudos (PEEMAO2015); en consecuencia, non poderán ser, en ningún caso, seleccionadas
5. En caso de non existir prazas suficientes para o número de solicitantes, terán preferencia aqueles empadroados no Concello de Vigo.
6. A formalización da matrícula implica a plena aceptación polo alumno/a do Plan de Estudos 2015 (PEEMAO2015), aprobado pola Xunta Reitora do Organismo Autónomo EMAO de 16/04/2015) e demais normas de funcionamento vixentes.
7. No non disposto nesta convocatoria, estarase ao que dispoña o PEEMAO2015 e a legalidade vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas, así como ás normas que emita a dirección do Centro e que se farán públicas en cada momento no Taboleiro e [web-EMAO](#).

F. ESPECIALIDADES CURSO 2015-2016 e PRAZAS DE NOVO INGRESO QUE SE OFERTAN

Especialidades	Horario tardes	Prazas novo ingreso	Horario mañás	Prazas novo ingreso
Pintura	Básico Medio Superior Avanzado	20	Perfeccionamento II	
Debuxo artístico	Básico Medio Superior Avanzado	20	Perfeccionamento II	
Talla e escultura en madeira	Básico Superior Avanzado	15	Perfeccionamento II	
Ourivaría	Superior Perfeccionamento II B Perfeccionamento II C Avanzado	0	Perfeccionamento II	
Artesanía en coiro	Superior A Superior B Avanzado		Perfeccionamento II	
Deseño e encaixe de palillos	Superior A Superior B Avanzado		Perfeccionamento II	
Moda e confección	Perfeccionamento II A Perfeccionamento II B Superior Avanzado		Iniciación	18
Construcción Artesanal de Instrumentos Musicais (CAIM): Zanfona	Zanfona I Zanfona II Avanzado	10	Iniciación Perfeccionamento II	7
Construcción Artesanal de Instrumentos Musicais (CAIM): Gaita	Gaita I Gaita II Avanzado	8	Iniciación Perfeccionamento II	5
Construcción Artesanal de Instrumentos Musicais (CAIM): Luthería antiga	Luthería I Luthería II Avanzado	10	Iniciación Perfeccionamento II	6
Cerámica artística	Cerámica I Cerámica II Avanzado	14		
Encadernación	Encadernación I Encadernación II Avanzado	15	Perfeccionamento II	
Serigrafía artística	Serigrafía I Serigrafía II	15	Iniciación Perfeccionamento II	10



ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS

	Avanzado			
--	----------	--	--	--

Prazas de novo ingreso mañás: 46

Prazas de novo ingreso tardes: 128

Total prazas de novo ingreso: 174

G. CALENDARIO ESCOLAR

Comezo curso: 28 de setembro 2015, para alumnado procedente de cursos anteriores

1 de outubro para alumnado de novo ingreso

Remate: 30 de xuño 2016

Días non lectivos: no que non sexa contradictorio coas datas de inicio e fin de curso da EMAO sinaladas, aqueles recollidos no calendario Escolar oficial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, agás os correspondentes ás vacacións do Entroido, que serán lectivas na EMAO.

H) MATERIAS COMPLEMENTARIAS

Agás nos cursos que se desenvolven en horario de mañá, para o alumnado matriculado en horario de tarde, será obrigatorio cursar as materias complementarias que figuran para cada especialidade e nivel no horario oficial para o curso 2015-2016.

I) HORARIOS ALUMNADO:

Véxase ANEXO II desta convocatoria

INFORMACIÓN E ADMINISTRACIÓN

Unidade Administrativa da EMAO

EMAO. Avda García Barbón, 5 – 36201 VIGO

de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas. (agosto pechado)

Teléfonos: 986228088/ Correo-e: emao@vigo.org/ Internet: www.emmavigo.org e <http://hoxe.vigo.org/movemonos/educacion7.php>

En consecuencia, **PROPONSE** á Presidenta da Xunta Reitora da EMAO, acordar o seguinte:

Aprobar a convocatoria do curso 2015-2016 na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, de acordo co informe de 29/05/2015 do Director en Funcións da EMAO.

Vigo, na data rexistrada na sinatura dixital

O DIRECTOR E.F. DA EMAO

Asdo.- Rafael Ojea Pérez

DECRETO

Visto o informe-proposta que antecede

RESOLVO de conformidade co mesmo

Vigo, na data rexistrada na sinatura dixital

A PRESIDENTA DO ORGANISMO AUTÓNOMO EMAO

Asdo.- Olga Alonso Suárez